

**TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**  
**Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia**

**Materia: Historia dos bens pictóricos II**

**Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais**

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º escultura	Cuadrimestral	4 ECTS
------------------------------	---------------------	---------------	--------

**Teórica**

**Profesor: José Granados Marín**  
**[granadosmarin@edu.xunta.es](mailto:granadosmarin@edu.xunta.es)**

**Horario: 3 horas semanais**

**DESCRICIÓN DA MATERIA**

Estudio histórico dos bens pictóricos na Idade Moderna, con especial atención as producións españolas e galegas. Criterios de identificación, clasificación e análise dos bens pictóricos comprendidos nese período histórico dende un enfoque metodolóxico que abrangue os seus ámbitos formais, estilísticos, funcionais, técnicos e iconográficos. Aplicación á conservación-restauración.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoler información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinarios e en contextos culturais diversos
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X10	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e as principais institucións competentes na conservación do patrimonio.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

**COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA**

EE5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao pictórico.
-----	--

**CURSO ACADÉMICO 2018-2019**

EE11	Coñecer de forma sistemática e integrada o ben cultural de tipo pictórico: distintos xéneros linguaxes, procedementos, iconografías e estéticas.
------	--

### **COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA**

- Establecer un diálogo interdisciplinar con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao patrimonio pictórico.
- Coñecer e identificar de forma sistemática e integrada os bens culturais de tipo pictórico: os seus materiais e as suas técnicas, as suas funcións, os seus distintos xéneros e estilos, o mundo do artesán-artista, o mercado de bens pictóricos, etc.
- Dominar a terminoloxía técnica e científica da materia, así como os conceptos e as metodoloxías de análise da obra pictórica.
- Investigar o patrimonio cultural pictórico dende o punto de vista histórico: as súas fontes documentais, a súa evolución material, funcional e simbólica, así como a súa relación cos traballos de conservación-restauración de bens culturais. Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.
- Documentar os bens pictóricos do arco cronolóxico estudiado, valorándoos e clasificándoos de maneira axeitada, con aplicación á conservación-restauración. Identificar correctamente as distintas obras pictóricas estudiadas, adscribindoas ós seus correspondentes ámbitos temporais, xeográficos, estilísticos, formais, materiais, técnicos, funcionais e iconográficos, facendo de maneira axeitada as atribucións de autoría, taller e escola.

<b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b>		
<b>Unidade</b>	<b>Subtemas</b>	<b>% no total da materia</b>
1. Elementos para o estudio dos bens pictóricos da Idade Moderna en España e Galicia.	1.1 Fontes para o estudio dos bens pictóricos da Idade Moderna. 1.2 A organización socio-profesional do pintor: valoración e categoría social. Do taller gremial ás academias de Belas Artes. 1.3 A difusión dos modelos foráneos: as escolas veneciana e flamenca e a súa impronta na pintura española do <i>Siglo de Oro</i> . O papel do grabado na difusión de modelos. A copia pictórica. 1.4 Mecenazgo e mercado de obras pictóricas. 1.5 Técnicas e materiais pictóricos na Idade Moderna. As ferramentas do pintor.	25%
2. Século XVI.	2.1 Precedentes da pintura renacentista en España: a pintura na época dos Reis Católicos. 2.2 A pintura no reinado de Carlos V: platerescos e puristas. 2.3 A pintura no reinado de Felipe II: 2.3.1. Pintores romanistas. 2.3.2. Luís de Morales. 2.3.3 Retratistas da Corte. 2.3.4 Os pintores do círculo de El Escorial.	20%

	2.3.5 El Greco.  2.4 A pintura en Galicia no século XVI.	
3. Século XVII.	3.1 O tránsito do manierismo ó naturalismo: 3.1.1 Toledo: Sánchez Cotán, Luís Tristán, Pedro Orrente e Juan Bautista Maíno. 3.1.2 Sevilla: Juan de Roelas, Francisco Pacheco e Francisco de Herrera o Vello. 3.1.3 A Corte: Vicente Carducho. 3.2 Tenebrismo en España: Juan Ribalta e José Ribera. 3.3 Zurbarán. 3.4 Alonso Cano. 3.5 Velázquez. 3.6 A pintura española na segunda metade do século XVII: 3.6.1 Madrid: Juan Carreño de Miranda, Francisco Rizi, Francisco de Herrera "el Mozo", Mateo Cerezo, Juan Antonio Frías y Escalante, José Antolínez, Antonio de Pereda e Claudio Coello. 3.6.2 Sevilla: Bartolomé Murillo y Juan de Valdés Leal. 3.7 Pintura mural en España no século XVII. 3.8 Pintura barroca en Galicia. 3.9 Pintura barroca no ámbito colonial.	35%
4. Século XVIII	4.1 O tránsito do barroco ó rococó na pintura española: especificidade, características, tipos e periodización. O dirixismo académico. 4.2 Pintores extranjeiros na Corte borbónica. 4.3 O foco zaragozano e pintores aragoneses na Corte. 4.4 Tiepolo en España. 4.5 Luís Paret y Alcázar. 4.6 Rafael Mengs e o triunfo do Neoclacismo. 4.7 Goya. 4.8 A pintura en Galicia no século XVIII.	20%

<b>PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
<b>Metodologías</b>	<b>Horas aula</b>	<b>Horas fóra</b>	<b>Total</b>
Sesión maxistral	34		34
Estudos de caso, debates e outras actividades	16	5	21
Traballos tutelados	4	16	20
Estudo autónomo		25	25
<b>Total</b>	<b>54</b>	<b>46</b>	<b>100</b>

<b>METODOLOXIA DOCENTE</b>	
<b>Metodoloxía</b>	<b>Descripción</b>
Sesión maxistral	Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construir o traballo autónomo, utilizando as sesión maxistrais e outras ferramentas aportadas.
Traballo tutelados	Realización de tarefas relacionadas cos contidos da materia nas que se prime a capacidade de investigación e documentación sobre os temas e obras propostas. Preparación por parte do alumno de algún contido da materia indicado polo profesor. As directrices, metodoloxía e a secuencia das tarefas serán indicadas polo profesor ó alumno tanto para a súa correcta elaboración e presentación escrita e oral.
Estudios de caso, debates e outras actividades orais e escritas	Prácticas de expertización perante o estudio e análise e identificación de bens escultóricos concretos; charlas abertas a partir da lectura e comentario de artigos científicos, noticias de actualidade ou estudios de caso; outras actividades como visitas externas e traballos asociados a ellitas.

<b>SISTEMAS DE AVALIACIÓN</b>		
<b>Método</b>	<b>Criterios</b>	<b>% avaliación</b>
Proba escrita final	<p>Avaliación dos coñecementos adquiridos ó longo do curso mediante a realización dunha proba escrita. A proba terá unha duración de duas horas e constará de duas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Identificación, comentario e analise de varias obras propostas. 60% da nota total.</li> <li>b) Resposta a unha ou varias preguntas relacionadas cos contidos da materia, comentario e análise de textos, etc. 40% da nota total.</li> </ul> <p>O dominio do lenguaxe escrito así como da terminoloxía científica da materia son imprescindibles para a superación da proba.</p>	65 %
Traballo tutelados	Rigor metodolóxico, corrección formal e calidade da presentación. A súa exposición na aula é obligatoria, valorándose a claridade expositiva, a difusión relevante de coñecemento e a capacidade de síntese e a adecuación ó tempo asignado para a súa presentación.	20 %
Outras actividades orais ou escritas	<p>Sentido crítico e de análise, calidade nas expresións ou presentacións orais e escritas. Participación e mostras de interés pola materia. Asistencia e puntualidade.</p> <p>O 5% da calificación deste apartado corresponderá as exposicións e presentacións na aula das tarefas e traballos realizados polos alumnos e reseñados no apartado anterior (“traballo tutelados”).</p>	15 %

Total	100 %
-------	-------

## OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

- A asistencia é obligatoria. O alumno perderá o dereito á avaliación continua de superar un 20% de faltas (ata 8 sesiões).
- Avaliarase de forma contínua o progreso do proceso de aprendizaxe. A calificación final para a **avalización contínua** consistirá nos sistemas de avaliación expostos na táboa anterior, realizando e entregando as tarefas propostas e reseñadas polo profesor nos seus prazos determinados e non superando o límite do 20% total de horas lectivas do curso. A proba escrita final faráse na convocatoria ordinaria. A fórmula de cálculo para a obtención da calificación da avaliación contínua será a seguinte: [Calificación final = nota proba escrita final x 0,65 + nota traballos tutelados x 0,20 + nota outras actividades orais ou escritas x 0,15].
- Todos os alumnos terán dereito a **duas convocatorias**: unha **ordinaria** e outra **extraordinaria**. As datas de realización destas probas serán sinaladas pola xefatura de estudos no calendario do curso. A **convocatoria ordinaria** consistirá na realización da “proba final escrita” reseñada no apartado dos sistemas de avaliación da presente guía docente e a entrega e superación de todas as tarefas e traballaos propostos polo profesor. Para aqueles alumnos **que perderan o dereito á avaliación contínua**, é de obrigado cumprimento a entrega de todas as tarefas e traballos propostos polo profesor pertencentes ó apartado “traballos tutelados” dos sistemas de avaliación da presente guía. Para estes mesmos alumnos, a calificación da proba final escrita da convocatoria ordinaria suporá non o 65% da nota final senon o 80% da nota final nesa convocatoria, resultado de reasignar o 15% da cualificación do apartado “outras actividades orais e escritas” á “proba escrita final”.
- Na **convocatoria extraordinaria** rexerán os mesmos criterios que na convocatoria ordinaria.

## ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso, a través das tutorías docentes e tamén mediante correo electrónico.

## BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- ANGULO, D.: *Pintura del Renacimiento*, Madrid, Ars Hispaniae, 1954.
- ANGULO IÑIGUEZ, D. y PÉREZ SÁNCHEZ, A. E. : *Pintura madrileña del segundo tercio del siglo XVII*, Instituto Diego Velázquez, Madrid, 1983.
- BAXANDALL, M.: *Giotto y los oradores: la visión de la pintura en los humanistas italianos y el descubrimiento de la visión pictórica (1350-1450)*, Madrid, La Balsa de la Medusa, 1996.
- BROWN, J.: *Imágenes e ideas en la pintura española del siglo XVII*, Alianza Forma, 1995.
- BRUQUETAS GALÁN, R.: *Técnicas y materiales de la pintura española en los siglos de oro*, Fundación de Apoyo a la Historia del Arte Hispano, 2007.
- BURKE, P.: *El Renacimiento*, Barcelona, Crítica, 1993.
- BUTLER GREENFIELD, A. : *Un rojo perfecto. Imperio, espionaje y la búsqueda del color del deseo*.
- CABANAS BRAVO, M. (coord.): *El arte foráneo en España, presencia e influencia*, CSIC, Madrid, 2005.
- CALVO SERRALLER, F. y PORTUS, J.: *Fuentes de la Historia del Arte II*. Madrid, 2001.
- CHECA CREMADES, F.:
  - -*Pintura y escultura del Renacimiento en España, 1450-1600*, Madrid, Manuales de Arte Cátedra, 1993.



- -*Tiziano y la Monarquía Hispánica: usos y funciones de la pintura veneciana en España (siglos XVI y XVII)*, Nerea, 1994.
- COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del siglo XIX*, Santiago de Compostela, 2004.
- GALLEGOS, J.: *Visión y símbolos en la pintura española del Siglo de Oro*, Cátedra, Madrid, 1996.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura manierista en Galicia*, La Coruña, 1986.
- GUTIÉRREZ, R. (coord.): *Pintura, escultura y artes útiles en Iberoamérica, 1500-1825*, Manuales arte Cátedra, 1995.
- HASKELL, F.: *Patronos y pintores. Arte y sociedad en la Italia barroca*, Madrid, Cátedra, 1984.
- LAFUENTE FERRARI, E.: *Breve historia de la pintura española*, vol. II, Madrid, 1987.
- MALTESE, C. (coord.): *Las técnicas artísticas*, Cátedra, 2006.
- MARTÍN GONZÁLEZ, J.J.: *El artista en la sociedad española del siglo XVII*, Cátedra, Madrid, 1993.
- MORALES Y MARÍN, J.L.: *Pintura en España, 1750-1808*, Madrid, Cátedra, 1994.
- MUÑOZ GONZÁLEZ, M. J.: *El mercado español de pinturas en el siglo XVII*, Madrid, 2008.
- PACHECO, F.: *Arte de la pintura, su antigüedad y grandezas*, [1ª edición, Sevilla, 1649], Manuel Galiano, Madrid, 1866.
- PALOMINO, A.: *Vidas*, 1724, Alianza Forma, Madrid, 1986.
- PÉREZ COSTANTI, P.: *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago de Compostela, 1930.
- PÉREZ SÁNCHEZ, A.: *Pintura barroca en España, 1600-1750*, Manuales de arte Cátedra, 2010.
- VV. AA.: *I Congreso Internacional Pintura Española siglo XVIII*, Museo del Grabado Español Contemporáneo, Madrid, 1998.
- VV. AA.: *Arte e cultura de Galicia e norte de Portugal*, vols. I e II, Nova Galicia Edicións, 2005.
- VV. AA.: *Artistas galegos. Pintores (ata o Romanticismo)*, Nova Galicia, 2004.
- VV. AA.: *Retablos: técnicas, materiales y procedimientos*, International Institute for Conservation, Grupo Español, Valencia, 2006.
- VV. AA.: *La pintura europea sobre tabla: siglos XV, XVI y XVII*, Ministerio de Cultura, 2010.

## OBSERVACIÓN

- É imprescindible que o alumno aplique una metodoloxía axeitada á hora de proceder ó estudo dos contidos da materia e á realización das distintas tarefas (toma de apuntes e anotacións, busca e selección de materiais, cronogramas, presentacións, etc.).
- O plaxio e apropiación de materiais científicos en distintos soportes (edicións dixitais ou en papel) sen o citado previo da súa fonte é un delito e suporá un suspenso.
- A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia. O seu uso habitual é recomendable para acadar correctamente os obxectivos da materia.